



# En Camiño

Boletín informativo das parroquias de  
Santa María da Franqueira, San Bartolomea da Lamosa e Santiago de Prado da Canda  
Ano I. Nº 1. Outubro 2021

---

## Limiar

O 11 de outubro de 1962, ou sexa, hai 59 anos comezou no Vaticano o Concilio que marcaría a xeira dos seguintes tempos da Igrexa. No pasado 10 de outubro comezou un novo sínodo, cun carácter moi especial unha dinámica ben distinta de como se viñan de realizar ata agora. Se o Papa San Xoán XXIII será lembrado como o párroco do mundo pola súa sinxeleza e bondade, hoxe, Francisco, ven de dar un novo impulso ao diálogo e a comunión dentro da Igrexa facendo esta chamada a tomar conciencia da necesidade de sermos quen de reunirmos coa forza do Espírito e buscar xuntos como vivir a misión evanxelizadora. Na nosa diocese comeza a súa andaina o domingo 17 de outubro. Iremos dando pasos para integrar na nova pastoral, que se vai refacendo despois dos meses de pandemia, esta proposta de traballo.

Como medio de comunión concreta presentamos este boletín que inauguramos para as nosas parroquias dando resposta a varias necesidades:

- 1.- Suplir a falta dunha folla parroquial que se viña publicando na diocese, e que, debido á pandemia, quedou trunca e non volveu.
- 2.- Establecer un medio de comunicación coas familias das parroquias e os peregrinos do santuario dando a coñecer as actividades e animando á súa participación.
- 3.- Crear unha plataforma de expresión da fe que nos axude a medrar no noso compromiso como crentes e como membros destas parroquias.
- 4.- Axudar a vivir a unidade e testemuñar a fe no mundo.

Esperamos que nos axude a todos.  
Vos pido perdón polas deficiencias e  
animo a colaborar coas vosas ideas.

Xabier Alonso





## Romaría silenciosa

Despois de non poder celebrar as ultimas edicións das Romarías na Honra da Virxe da Franqueira, este setembro puidemos gustar un pouco do sabor das nosas tradicións.

Cabe destacar a orde e silencio nas celebracións, a colaboración desinteresada das persoas voluntarias, o labor escondido preparando todo, os doantes que nos facilitaron mercar as cadeiras e materiais para o adro. E, a pesares de que o tempo non foi o máis favorable, a devoción medrou se cabe. Foron centos os ramos de flores ofrecidos á Nosa Señora e as pregarías se sucederon diante dela como un desexo de volver estar contemplando o seu



rosto materno. Un ano máis o noso Bispo D. Luis veu presidir a Misa solemne e deu alento aos milleiros de peregrinos. E, por suposto, volveron a música e as danzas. Unha ledicia contemplar aos cativos poñerse cada día a ensaiar para facer esta obra de amor a María. Volveron o Cristián e o mouro para reafirmar a fe que non se

sente derrotada, senón que avanza. Volveu a nosa Santiña a saír no seu carro procesional coas vacas ben engalanadas e ensinadas. Pido á Virxe María que os que non puideron estar poidan desfrutar das Romarías eternas do ceo.



## Doazóns

Este ano, a familia García Rodríguez de Redondela, deixou para o arquivo do Santuario unha obra que non tiñamos na edición que regalaron. "Historia de la aparición de la milagrosa imagen de Ntra Sra de la Franqueira... escrita por el P. Villafañe" Está editada en Tui no ano 1901.

Tamén deixou unha familia de Alxén un cartel da Romaría do ano 1946. Unha peza de gran valor. Agradecemos de corazón estes regalos e será boa ocasión facer unha exposición dos libros e publicacións antigas referentes a este santuario.



# A Lamosa

## Romaría da Virxe do Libramento

A pasada edición da Romaría da Virxe do Libramento deixounos a todos sorprendidos. Non contabamos coa presenza de tanta mocidade. Parellas novas cos seus cativos para ofrecerlle o seu agradecemento á Nai de Deus, así como as que esperan o vindeiro nacemento dos que levaban no seu ventre. Un día de sol e sorrisos. Nesta ocasión a imaxe saíu ao adro para a Misa Solemne e facermos a pregaría.



## Doazóns

As Fillas da Caridade de San Vicente de Paúl regalaron á parroquia unha imaxe do Neno Xesús de tamaño natural e unhas pezas de cerámica antiga para o lavatorio de pes do Xoves Santo. Damos as grazas pola súa xenerosidade.

Do mesmo xeito é de agradecer o labor que realizan moitos para o ben da nosa parroquia e os traballos de tela que tanto tempo e dedicación foron quen de dedicar por amor a Deus.

## Corzós

Celebramos o pasado 29 de setembro a festa de San Miguel na capela. Nese día bendiciuse a imaxe da Virxe Peregrina restaurada. Esta imaxe foi adquirida pola doazón dun devoto e reproduce en pequeno a orixinal que se atopa no Museo Provincial de Pontevedra.

Fixemos, asemade, unha oración especial polas familias de San Miguel de Tazacorte, na illa da Palma que celebraban o seu patrón e que viven días tan duros a causa da erupción do volcán.



## Prado da Canda

### San Xosé

As Fillas da Caridade regalaron á parroquia de Prado unha fermosa imaxe de San Xosé. Este ano dedicado ao custodio da familia de Nazaret, garde con agarimo as nosas familias. Grazas á xenerosidade das irmás e rezamos por elas.



## Festas da Virxe do Rosario

O tempo tampouco acompañou moito este ano, pero deu unha tregua para saír a imaxe ata o adro e que se puidera interpretar a danza na honra da Virxe. Este ano presidiu o P. Edgardo, da Orde de predicadores, Dominicanos pois se celebran os 800



anos da morte de Santo Domingo. O esforzo deste ano foi ben acollido pola Virxe, pois foi o tempo xustiño para

que, ao remate de todo, rompese a chober. Graciñas a todos pola colaboración, e graciñas á mocidade da parroquia.



## Peregrinación do Rosario

O último sábado de outubro, o día 30, retomaremos a Peregrinación co rezo do Rosario desde A Lamosa á Franqueira. Animamos a todos a participar. Faremos un camiño sinodal, una camiño de oración, silencio, encontro, renovación e misión.

# 30

## OUTUBRO 2021

# A FRANQUEIRA

## XIX PEREGRINACIÓN DO ROSARIO

### CON MARÍA, IGREXA EN CAMIÑO SINODAL

4 DA TARDE:

CONCENTRACIÓN DE PEREGRINOS NA IGREXA DA LAMOSA

ACOLLIDA E INICIO DO REZO DO ROSARIO

REZO DOS MISTERIOS NOS SEGUINTE LUGARES:

LAMOSA, CORZÓS, PRADO DA CANDA, FONTE DA PRATA, ALTO DA CORONACIÓN

CELEBRACIÓN DA EUCARISTÍA NO SANTUARIO DA FRANQUEIRA

ACOMPANADA POLA CORAL O SON DOS CANTARES DE MOS

AO FINALIZAR TEREMOS UN AUTOCAR PARA VOLTAR Á LAMOSA

**A PEREGRINACIÓN NON SE SUSPENDE AÍNDA QUE CHOVA**

**USO OBLIGATORIO DE MASCARILLAS E RECOMENDABLE O CHALECO REFLECTANTE**

**A PEREGRINACIÓN REALIZARASE COAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN E EN GRUPOS PEQUENOS**